



EMPREGO E SALARIOS DIGNOS

#árúa19F

#alacalle19F

SOBEN OS PREZOS, OS SALARIOS PERDEN
PODER ADQUISITIVO E AUMENTA A DESIGUALDADE

**STOP AO ENCARECIMENTO DA VIDA!!
POR UNS SALARIOS DIGNOS!!
STOP Á PRECARIIDADE!!**

Nos últimos oito anos afrontamos a perda progresiva do poder adquisitivo dos salarios, das pensións e das rendas de protección, e asistimos a un crecemento sostido da desigualdade. Son as consecuencias do forte aumento do desemprego e da xeneralización da precariedade laboral, e da suba dos prezos das subministracións básicas: electricidade, gas e auga. **Nada ocorre por casualidade.**

A crise que atravesaron as economías europeas e mundial a partir de 2008, provocada polas elites económicas e financeiras, abordárona os Gobernos nacionais, entre eles os nosos, cun catálogo de medidas políticas ditadas polo discurso neoliberal que impulsaban os mesmos que causarán a crise. Políticas de austeridade e de recortes sociais e laborais que dispararon ata taxas insupportables o paro e a dualidade do mercado de traballo e que **derivaron nunha sociedade máis empobrecida e nun retroceso inxustificado de dereitos sociais e laborais.**

A partir de 2015 comeza unha tímida recuperación económica que se consolida en 2016, pero que non debe confundirse coa saída da crise. Unha recuperación que chega máis ao beneficio empresarial que aos salarios e á rede de protección social.

Por se fose pouco, e fieis á improvisación e a falta de estratexia a medio e longo prazo, o Goberno do PP di que bateu de bruzos cunha suba máis ca esperada do prezo do petróleo e, canda ela, de moitos dos servizos básicos de consumo para a cidadanía: a luz, o gas, o combustible ou a calefacción. En que andaba pensando o Goberno? Como quere que entendamos a súa sorpresa ante a escalada do prezo do petróleo para explicar as inevitables subas deste servizos?

Non hai excusa que valla. As súas políticas son responsables deste desatino. Mulleres, mocidade, pensionistas, persoas en paro volven ser os máis vulnerables. **O Goberno do PP non pode arriar en banda. As organizacións patronais, tampouco.** Son culpables do que pasa. Os prezos bolen a subir de forma descontrolada; os salarios, as pensións e as rendas de protección perden poder adquisitivo, a desigualdade medra e amplos sectores sociais empobrecense. Imos saír á rúa contra o **encarecemento da vida**.

- Contra o encarecemento da vida, especialmente contra a suba de servizos básicos esenciais (electricidade, gas, calefacción...)
- Por subas salariais, das pensións e das rendas de protección que permitan recuperar o poder adquisitivo, retomando o IPC como índice de actualización
- Pola creación de máis e mellor emprego
- Contra a precariedade laboral
- Contra a brecha salarial
- Pola recuperación de dereitos e da calidade dos servizos públicos
- Por unha prestación de ingresos mínimos que nos axude a combater a desigualdade e a pobreza
- Pola derogación das reformas laborais

**TODAS E TODOS
Á RÚA**

19
FEBREIRO



MANIFESTACIÓNS

Santiago: 12 h, Alameda-Praterías

Ourense: 12 h, ao redor da Subdelegación do Goberno

CONCENTRACIÓNS

A Coruña: 12 h, Delegación do Goberno

Ferrol: 12 h, edificio da Xunta

Lugo: 12 h, Subdelegación do Goberno

Pontevedra: 12 h, Subdelegación do Goberno

Vigo: 11.30 h, museo MARCO